



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes
Expediente: 2023000005800

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2023-ÁREA DE ILUSTRACIÓN ARTES PLÁSTICAS E VISUAIS

Don **Valentín González Formoso**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Por resolución da presidencia número 29030, do 21 de xullo de 2023, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos 2023-Área de ilustración, artes plásticas e visuais e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se for o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Comprobouse pola unidade xestora que no prazo de alegacións concedido foron presentadas as seguintes alegacións:

* **Lucia Castro Álvarez**

Con data do 28 de xullo presentou escrito solicitando aclaración e revisión da súa puntuación. O tribunal emitiu informe contestando as alegacións e confirmando a puntuación acadada por Lucia Castro Álvarez, o que lle foi notificado á interesada.

* **Rosa Arias Lousa**

Con data do 2 de agosto presentou escrito solicitando aclaración e revisión da súa puntuación no apartado do curriculum, sinalando que o ano pasado obtivo maior puntuación neste apartado. O tribunal emitiu informe confirmando a puntuación acadada por Rosa Arias Lousa, o que lle foi notificado á interesada.

* **Isabela Andrés Alonso**

Con data do 8 de agosto presentou un escrito solicitando a revisión da súa puntuación. O tribunal emitiu informe ratificando a puntuación acadada por Isabela Andrés Alonso, o que lle foi notificado á interesada.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO:

1.- Conceder definitivamente as bolsas ás seguintes persoas:

Titular da bolsa: ALBORÉS LOJO, MARIA

NIF:***0741**

Expediente: 2023000021119

Obxecto da bolsa: *Terceiro curso grado de deseño de moda na Royal Academy de Amberes, (Belxica)*

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: ANDRÉS ALONSO, ISABELA

NIF: ***8572**

Expediente: 2023000021440

Obxecto da bolsa: *Curso de fotografía de moda na F.D. Fashion School, Barcelona*

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: LEON ALVAREZ, LEYRE

NIF: ***2721**

Expediente: 2023000021037

Obxecto da bolsa: *Segundo curso del Master en Design Graphique de la École Nationale Supérieure des Beaux-Arts de Lyon*

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: VAAMONDE LÓPEZ, LUCIA

NIF: ***9985**

Expediente: 2023000021379

Obxecto da bolsa: *Cuarto curso do Grao de Deseño na Universidade Complutense Madrid*

Importe da bolsa: 10.000 €

3.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, fase A, operación número 220230007642, por importe total de 40.000 €

4.- Nomear suplentes ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Menores de 23 anos:

Primeiro suplente: Arias Lousa, Rosa

De 23 a 35 anos:

Primeiro suplente: Quintanilla Perez, Blanca

Segundo suplente: Castro Álvarez, Lucia

5.- Publicar a presente resolución definitiva na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.